




- Na miña viaxe en tren a Madrid coñecín uns rapaces de Ourense. / Compramos un mapa para preparar o itinerario da excursión. / Da miña casa á praia hai un traxecto duns dous quilómetros. / Naquel treito fomos máis amodo para contemplar mellor a paisaxe.
- Altofalante → 2; viaxeiro → 7; xefa de estación → 10; despacho de billetes → 4; carro portaequipaxes → 9; consigna → 6; plataforma → 20; vagón → 16; vía → 11; revisor → 18; horario → 3; tren → 14; equipaxe → 8; paso subterráneo → 19; travesa → 13; locomotora → 15; portelo → 5; raíl → 12; maquinista → 17; aparcadoiro → 1.
- tándem - carro - velocípede - triciclo. *Elemento extraño*: carro; *xustificación*: todos son vehículos de tracción humana, agás carro que é de tracción animal. / sobrevoar - aterrar - vogar - planar. *Elemento extraño*: vogar; *xustificación*: todas son accións dos avións, agás vogar que é sinónimo de remar. / maskarón - cabo - estacha - amarra. *Elemento extraño*: maskarón; *xustificación*: todas son tipos de cordas dun barco, agás maskarón que é unha escultura que vai na proa dalgúns navíos.
- Lugar onde se constrúen ou reparan barcos. → estaleiro / Parte dianteira dun barco. → proa / Parte traseira dun barco. → popa / Pavimento superior dun barco. → cuberta / Parte máis alta da cuberta superior dun barco. → castelo. / Parte do costado dun barco por onde comeza a estreitarse na proa. → amura / Matrícula dunha embarcación. → folio / Poste de ferro situado no chan do peirao para amarrar os cabos máis fortes das embarcacións. → morrón / Poste de madeira ou ferro situado na proa das embarcacións ao que se amarran os cabos. → bita / Peza forte de madeira ou metal que vai da proa á popa na parte inferior dunha embarcación e suxeita a súa estrutura. → quilla / Barco que se dedica á pesca de arrastre. → arrastreiro / Cantidade de cousas que poden ser transportadas por un barco. → carga / Oficial ou mariñeiro con experiencia que dirixe os traballos e tarefas dos outros mariñeiros. → contramestre / Cabo grosa que se utiliza, por exemplo, para remolcar ou amarrar un barco. → estacha.
- Embrague, bucina, volante, capó, amortecedor, pneumático, freos, faro.
- Encrucillado.



7. Segundo o mecánico, hai que cambiar os ~~amortiguadores~~ *amortecedores* e a ~~palanca~~ *panca* de cambios. / Un coche ~~velcou~~ *envorcou* na ~~autopista~~ *autoestrada* por exceso de velocidade. / Entrar no ~~muelle~~ *peirao* con este mar é perigoso, mellor botamos a ~~ancla~~ *áncora* nese fondeadoiro. / Subindo na ~~telesilla~~ *telecadeira* viamos os nenos baixando pola neve ~~cos seus trineos~~ *coas súas zorras*. / Parei o coche ~~no arcén~~ *na beiravía* da ~~carretera~~ *estrada* porque tiña un problema cos ~~frenos~~ *frens*.

Actividades



- 1: randeeira. 2: bambán. 3: tobogán. 4: papaventos. 5: monopatín. 6: buxaina. 7: billarda. 8: mariola. 9: bólas. 10: xadrez. 11: leira de nove. 12: boneca. 13: parchís.
- Parchís*: gobelete, dado, ficha, casa. / *Xadrez*: peón, torre, raíña, xaque. / *Baralla*: ás, baza, sota, ouros.
- Proxecto de accións coordinadas para lograr un obxectivo, como gañar nun xogo, nun encontro deportivo... → *estratexia*. / Momento ou ocasión que lle corresponde a cada un entre distintas persoas, para a realización de algo. → *vez* (ou *quenda*) / Aquel que se opón ou compite nun xogo ou deporte. → *opoñente* / Conxunto de regras que establecen como debe desenvolverse un xogo. → *regulamento* / Serie e totalidade de lances que se realizan nun xogo ata chegar a un límite definido. → *partida* / Cadro de madeira ou doutros materiais con divisións ou casas para desenvolver nel diferentes xogos de mesa. → *taboleiro* / Cada unha das figuras ou dos elementos móbiles que interveñen nos xogos de taboleiro. → *peza* / Obter a vitoria. → *gañar*.
Resposta aberta.
- Halterofilia, loita, wáter-polo, voleibol, ciclismo. / Balonmán, vela, natación sincronizada, ximnasia rítmica, karate. / Remo, judo, equitación, piragüismo, béisbol. / Hóckey sobre herba, ximnasia deportiva, piragüismo en augas bravas, tiro con arco, triatlón.
- As ~~canastas triples~~ *canastas triplas* son válidas aínda que o balón pete no ~~tableiro~~ *taboleiro*. / Despois de ~~regatear~~ *canear* varios defensas, Xoán ~~chutou~~ *xutou* e a pelota deu no ~~travesaño~~ *traveseiro*. / Os ~~aficionados~~ *afeccionados* bañáronse na fonte para celebrar que o seu equipo era ~~campeón~~ *campión*. / A rapaza que vai pola ~~calle~~ *estaxe* central da piscina nada estilo ~~espalda~~ *costas*. / A ~~xabalina~~ *xavelina* case lle cae enriba a un corredor de catrocentos metros ~~vallas~~ *valados*.